8maio2024

CIG Confederación Intersindical Galega ENSINO

informa mesa sectorial

www.cig-ensino.gal

# Prazas de convenios

| destino | corpo-especialidade | postos |
|---|---|---|
| **AFEXDI: Santiago de Compostela** | Corpo de mestres/as | 1 |
| **Hospital Clínico de Santiago** | Corpo de mestres/as | 1 |
| **Hospital Arquitecto Marcide de Ferrol** | Corpo de mestres/as | 1 |
| **Hospital Universitario Lucus Augusti** | Corpo de mestres/as | 1 |
| **Complexo Hospitalario de Pontevedra** | Corpo de mestres/as | 1 |
| **Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo** | Corpo de mestres/as | 1 |
| **ONCE: Santiago de Compostela** | Corpo de mestres/as. Especialidade AL | 1 |
| **ONCE: Lugo** | Corpo de mestres/as. Especialidade PT | 1 |
| **CIFP – Coia en Vigo** | PES. Instalacións Electrotécnicas | 1 |
| **Asesor/a AMTEGA, Santiago de Compostela** | Todos os corpos | 2 |
| **Asesor/a Abalar Zona Allariz** | Todos os corpos | 1 |
| **Asesor/a Abalar Zona Ferrol** | Todos os corpos | 1 |
| **Asesor/a Abalar Zona O Barco** | Todos os corpos | 1 |
| **Asesor/a Abalar Zona Tui** | Todos os corpos | 1 |
| **Defensa. Escola de especialidades Antonio Escaño- Ferrol.** | PES. Sistemas Electrónicos | 1 |
| **Defensa. Escola de especialidades Antonio Escaño- Ferrol.** | PES. Equipos Electrónicos | 2 |

## Prazos

Modifícase o prazo de solicitude a 10 días e o de reclamacións a 5 días.

## Prazas de atención hospitalaria

A día de hoxe están en funcionamento Unidades de Saúde Mental Infanto-Xuvenil para poboación menor de 16 anos nos principais hospitais. A atención é ambulatoria mais tamén hai hospitalización. Ningún deles conta con ningún tipo de apoio educativo a pesar de que profesionais destas unidades teñen demandado a presenza de profesorado. **Instamos á Consellaría de Educación a negociar co SERGAS a dotación de profesorado de apoio nestas unidades.**

## Prazas de Formación Profesional

- Deben diferenciarse os baremos das prazas de especialidades de FP en CIFP e no centro do Ministerio de Defensa, aplicando o mesmo baremos que no concurso de traslados.
- Non se debe exixir a presentación de proxecto, ao ser para impartir docencia ordinaria de FP.

- Debe poder optar a estas prazas o profesorado interino, no caso de que non as solicite funcionariado de carreira e poder manterse no posto sempre que pola colocación nas listas lle corresponda ter traballo nos seguintes cursos.
- A formación en centros do Exército debería estar regulada doutra maneira e se hai necesidades permanentes, esta formación debería ser transferida á Consellaría de Educación.

## Convenios con Entidades Privadas

Os convenios con entidades privadas deben limitarse e non nos parece que sexa o mellor sistema de colaboración con entidades que teñen necesidades permanentes. Debería buscarse outra solución.

## Baremo e texto da convocatoria

**Base 8ª. A comisión de selección** é de todo menos técnica e especializada: o director xeral, unha xefatura de servizo, dúas persoas do corpo de inspección e un cargo de AMTEGA. Solicitamos unha comisión máis técnica, con perfís de profesorado con experiencia, cando menos, nalgunha das prazas ou perfís que se solicitan. O normal é buscar de igual forma perfís mellor adaptados para as prazas solicitadas. Só se entende que haxa alguén de AMTEGA polo traballo que se vai desenvolver no Abalar, aínda que ben puidese ser alguén con experiencia neses postos. Non ten sentido en ningún caso a presenza da inspección educativa.

**A entrevista.** Estamos en desacordo coa entrevista e pedimos que se retire. De existir só tería sentido se estivese razoada polas dúbidas que lle poidan xurdir á comisión para prazas cun perfil moi técnico. Na maioría dos casos non ten o menor sentido. Aceptan eliminar a entrevista.

**O proxecto.** Non debe ser eliminatorio.

**Ao respecto da convocatoria do ano pasado falta na disposición complementaria terceira.**

Os cursos de iniciación e perfeccionamento de galego e as súas validacións serán puntuábeis na epígrafe 3.1 deste anexo. Non se valorarán as validacións cando de forma simultánea se acredite a realización dos correspondentes cursos. Así mesmo, puntuaranse por nesta epígrafe 3.1 os cursos de especialización de lingua galega. Vano revisar.

**Baremo. Punto 4.** Solicitamos que o proxecto se faga en galego.


**OS NOSOS LOCAIS**

**SANTIAGO** (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
981 57 68 00 / Fax 981 575 839
*santiago@cig-ensino.gal*

**MORRAZO**
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
986 302 987 / Fax 986 302 987
*morrazo@cig-ensino.gal*

**OURENSE**
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
988 238 350 / Fax 988 222 855
*ourense@cig-ensino.gal*

**VAL DE MONTERREI**
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
988 412 345 / Fax 986 411 013
*verin@cig-ensino.gal*

**A CORUÑA**
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
981 169 810 / Fax 981 291 735
*acorunha@cig-ensino.gal*

**FERROL**
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
981 358 750 / Fax 981 358 760
*ferrol@cig-ensino.gal*

**PONTEVEDRA**
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
986 861 513 / Fax 986 855 050
*pontevedra@cig-ensino.gal*

**VIGO**
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
986 827 935 / Fax 986 262 844
*vigo@cig-ensino.gal*

**BAIXO MIÑO**
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
986 610 465 / Fax 986 610 465
*baixomiño@cig-ensino.gal*

**LUGO**
Ronda da Muralla 58, 2º Andar
27003 Lugo
982 245 023 / Fax 982 253 891
*lugo@cig-ensino.gal*

**A MARIÑA**
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
982 129 593 / Fax 982 129 593
*amarinha@cig-ensino.gal*

**SALNÉS**
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
986 505 323 / Fax 986 505 323
*salnes@cig-ensino.gal*